

# VIVIR ZARAGOZA – EXPO 2008

## ITINERARIO

---

Os participantes, tanto á ida como ó regreso, trasladaranse en autobús dende os puntos comarcais da provincia até A Coruña e dende esta a Zaragoza en tren para a súa maior comodidade e supervisión, xa que dormen de camiño en compartimentos de dúas liteiras triples.

Para este itinerario desenvolveranse as seguintes visitas:

- Visita á “EXPO ZARAGOZA 2008”
- Visita “A PÉ POR ZARAGOZA”
- Visita “PASEO POLO TEMPO: O MUNDO ROMANO”

A continuación detallamos o itinerario a realizar:

### **DIA PRIMEIRO**

- ✘ Recollida dos participantes nos puntos comarcais
- ✘ 18:00 saída do tren dende a estación da Coruña
- ✘ Cea e aloxamento no tren

### **DIA SEGUNDO**

- ✘ 06:00 h. Chegada á estación do tren de Zaragoza
- ✘ Traslado á residencia e almorzo
- ✘ Visita á Expo Zaragoza 2008
- ✘ Xantar no recinto Expo
- ✘ Continuación do percorrido pola Expo
- ✘ Cea no recinto Expo
- ✘ Traslado ó aloxamento

### **DIA TERCEIRO**

- ✘ Almorzo
- ✘ Visita Expo
- ✘ Xantar no recinto Expo
- ✘ Visita Expo
- ✘ Cea no recinto Expo
- ✘ Actividade nocturna na Expo
- ✘ Traslado ó aloxamento

### **DIA CUARTO**

- ✘ Almorzo
- ✘ Visita **A PÉ POR ZARAGOZA**
- ✘ Xantar no Centro de Zaragoza
- ✘ Visita **"PASEO POLO TEMPO: O MUNDO ROMANO"**
- ✘ Cea en Zaragoza
- ✘ 23:55 h. saída do tren con destino á Coruña
- ✘ Aloxamento no tren

### **DIA QUINTO**

- ✘ Almorzo no tren
- ✘ 12:15 h. chegada á estación do tren da Coruña
- ✘ Traslado dos participantes ós lugares de procedencia

## ALOXAMENTO

---

### RESIDENCIA ACUARIO FLUVIAL

De recente construción, ben comunicada co centro de Zaragoza e co recinto da Expo.

Dispón dunha área de recepción aberta as 24 horas do día. O edificio ten zoas comúns para realizar actividades de lecer.



#### **Enderezo:**

Urbanización Parque Goya II  
R/ Julián Gallego  
Zaragoza

## MANUTENCIÓN DO PROGRAMA

---

### ALMORZOS

Realizaranse no tren ou no lugar de aloxamento, segundo corresponda. Estará composto de zumes, torradas e bolos, mel, manteiga, marmelada, café, cacao ou infusións.

### XANTAR E CEAS

Realizaranse no tren, restaurante do recinto Expo ou no centro de Zaragoza, segundo corresponda en función da ruta e visitas programadas



## SERVIZOS DE TRANSPORTE

### AUTOBUSES PROVINCIA DA CORUÑA E ZARAGOZA

Realizaranse rutas e horarios de recollida dos participantes polos diferentes puntos comarcais da provincia que se fixen.

En Zaragoza os asistentes terán ó seu dispor autobuses para realizar as actividades programadas.



### TREN




O tren reservado para o desprazamento á Expo, é un tren-hotel que realizará os traslados dende A Coruña a Zaragoza. Dous vagóns exclusivos para os participantes do programa, con departamentos de dúas liteiras triples, é dicir 6 camas por cabina.

Dispón dun sistema de climatización –frío/calor para facer máis confortábel a viaxe.

Os horarios serán os seguintes:

	<u>Saída</u>	<u>Chegada</u>
A Coruña	18:00 h.	06:00 h. Zaragoza
Zaragoza	23:55 h.	12:15 h. A Coruña



## ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Para a estada en Zaragoza programáronse minuciosamente unha serie de visitas que se farán en cada unha das oito quendas, denominámolas:

- Expo Zaragoza 2008
- A pé por Zaragoza
- Paseo polo tempo: o mundo romano

### EXPO ZARAGOZA 2008



O tema “Auga e desenvolvemento sostible” é o argumento elixido para a vindeira exposición internacional que terá lugar en Zaragoza do 14 de xuño ó 14 de setembro de 2008.

A auga e a súa utilización de modo sostible son elementos imprescindibles para a vida, o desenvolvemento das comunidades humanas e a conservación dos espazos naturais. O tema elixido é de vital importancia, tanto na actualidade como para futuras xeracións.

A auga é vida, é materia prima, enerxía e un camiño de unión entre pobos e relixións, é xerme de civilizacións e fonte de cultura. É ante todo, un símbolo de universalidade.

O recinto da Expo 2008 conta cunha superficie de 25 hectáreas, emprazado ó oeste da cidade de Zaragoza, intégrase no Parque Metropolitano da Auga. Un auténtico pulmón verde da cidade, rodeado por un meandro do río Ebro.

O recinto disporá de 3 pavillóns temáticos e 5 prazas temáticas.

## **PAVILLÓN PONTE**

Exposición "Auga para a vida"

A Torre da Auga é o edificio vertical máis coñecido do recinto Expo. Obra do arquitecto Enrique de Teresa, destaca tanto polo seu gran volume como pola súa especial forma en gota de auga en altura.

No seu interior terá lugar a exposición "Auga para a vida" e seu contido é unha defensa a favor do ser humano como parte integrante da natureza.

## **PAVILLÓN ACUARIO FLUVIAL**

Exposición "Paisaxes da auga"

Converterase no acuario de auga doce máis grande de Europa. O edificio proponlle ó visitante un percorrido natural por cinco grandes ríos do planeta: o Nilo, o noroeste de África, o Amazonas, o río sudamericano, o Mekong, un dos maiores ríos de Asia, o Darling, o río máis longo de Australia e o Ebro, o río máis caudaloso de España.

## **PRAZA "Auga extrema"**

Nesta praza o visitante poderá vivir a sensación producida pola auga extrema experimentando un furacán tsunami ou a gota fría.



## **PRAZA "Sede"**

Unha montaña de sal sobre un volume inchábel serve de metáfora da sede nesta praza. No seu interior o visitante desprazarase por unha serie de espazos onde terá experiencias directas con esta problemática actual.

## **PRAZA "Oikos, auga e enerxía"**

Nesta praza temática terá lugar unha exposición divertida e suxestiva, que conduce o visitante a un conxunto de experiencias que amosan a capacidade da auga para producir e almacenar enerxía de forma respectuosa co ambiente, barata e para todos.

## **PRAZA "Auga e cidade"**

Situada xunto ó río, este pavillón aberto e transparente, cuberto por unha pérgola é onde se representa a metáfora da complexidade urbana da cidade actual.

A través dunha rampla o visitante accederá a un gran miradoiro sobre o río Ebro.

## **PRAZA "Auga compartida"**

Instalación expositiva duns 900 m<sup>2</sup>, repartidos entre labirintos, pasarelas e unhas xigantescas representacións da conca dun río, elevada até chegar ós 15 m. no seu punto máis alto.

Ademais destes lugares expositivos, a presenza de diferentes pavillóns e numerosos espectáculos farán que Expo Zaragoza 2008 sexa un punto de interese importante para calquera visitante.

## A PÉ POR ZARAGOZA

Zaragoza ofrécelles ós visitantes un rico patrimonio histórico-artístico, froito de máis de dous mil anos de historia. Iberos, romanos, musulmáns, xudeus e cristiáns deixaron pegadas do seu paso pola capital, facéndoa merecedora do título de "Cidade das Catro Culturas".



Empezaremos a nosa visita pola Basílica do Pilar onde acompañados de guías especializados no patrimonio darannos unha explicación de todo o referente á historia, continuaremos a nosa ruta polo casco histórico da cidade e veremos o exterior do Teatro Romano, as Murallas, a Praza de San Felipe e a Seo de San Salvador.

### "PASEO POLO TEMPO: O MUNDO ROMANO"

Con esta visita propoñemos algo que vai máis alá da visita guiada convencional: un descubrimento activo do patrimonio da cidade na que utilizaremos todo tipo de materiais, reproducións de obxectos pertencentes ás diferentes épocas das que falamos... Ademais de guías especializados na comunicación do patrimonio, adaptado sempre ás idades dos rapaces.



## ACTIVIDADES LÚDICAS

As actividades lúdicas programadas son:

### ➤ **Actividades na residencia**

Despois dunha xornada de visitas na cidade de Zaragoza, realizaranse xogos e actividades. Aproveitaremos posteriormente para realizar uns talleres de traballo axudados por material didáctico e o caderno de traballo.

### ➤ **Festa de despedida**

Organizada nun restaurante a noite anterior á partida, esta festa pretende que os nenos fomenten o compañeirismo e establezan novas amizades... Realizaranse xogos que motiven e estimulen ós nenos e que ó tempo amplíen coñecementos da cidade que visitan.

### ➤ **Xogos de entretemento**

Os monitores encargaranse de realizar xogos cos nenos pola noite unha vez remate a cea. Estes xogos serven tanto para involucrar os nenos nunha relación de compañeirismo como potenciar os coñecementos adquiridos en Zaragoza.